

**PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E  
LITERATURA**

CURSO 2014-2015

C.P.I Cernadas de Castro

## ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización.....	páx.4
2. Obxectivos xerais de etapa.....	7
3. Contribución da materia de Lingua castelá e Literatura á adquisición das competencias básicas.....	8
4. Programación do primeiro ciclo.....	9
4.0. Obxectivos xerais do 1º ciclo.....	9
4.1. 1º curso da ESO.....	11
4.1.1. Contidos.....	11
4.1.2. Programación de aula.....	14
4.1.3. Temporalización dos contidos.....	41
4.1.4. Contidos mínimos esixibles.....	41
4.1.5. Competencias básicas 1º ESO.....	42
4.1.6. Criterios de avaliación.....	43
4.1.7. Procedementos de avaliación.....	44
4.2. 2º curso da ESO.....	47
4.2.1. Contidos.....	47
4.2.2. Programación de aula.....	50
4.2.3. Temporalización dos contidos.....	79
4.2.4. Contidos mínimos esixibles.....	79
4.2.5. Criterios de avaliación.....	80
4.2.6. Procedementos de avaliación.....	84
5. Materiais e recursos didácticos.....	86
6. Programación do 2º ciclo.....	87
6.1. Obxectivos.....	87
6.2. Contidos 3º ESO.....	88
6.3. 4º curso ESO.....	131
6.3.1. Criterios de avaliación.....	222
6.4. Contribución da materia de Lingua castelá e Literatura ó logro das competencias básicas.....	225
6.5. Contidos mínimos 3º ESO.....	228

6.6. Criterios de cualificación 3º ESO.....	229
6.7. Contidos mínimos 4º ESO.....	230
6.8. Criterios de avaliación.....	231
6.9. Procedementos de avaliación.....	232
7. Recuperación de materias pendentas de cursos anteriores.....	235
8. Actividades complementarias e extraescolares.....	236
9. Medidas de atención á diversidade.....	236
10. Contribución ó plan lector.....	237
11. Procedementos para avaliar a propia programación.....	240

## **1. INTRODUCCIÓN.**

### **REFERENCIA AO PEC:**

Esta programación foi elaborada tendo en conta as especificacións e directrices contidas no PEC.

### **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO:**

No actual curso académico 2014-2015 o Departamento de Lingua castelá e Literatura ten ao seu cargo a seguinte docencia:

Dona M<sup>a</sup> Luísa Martínez Villares, profesora de Lingua Castelá e Literatura, impartirá clase de Lingua castelá e Literatura en 1º ESO B, nos dous grupos de 3º ESO (A e B), así coma no grupo de 3º de PDC (Ámbito Lingüístico- Social).

Dona M<sup>a</sup> del Carmen Villasenín Carballo, Xefa do Departamento, impartirá clase de Lingua castelá e Literatura en de 1º ESO A, nos grupos de 2º ESO ( A, B e C) e nos dous grupos de 4º ESO (A e B).

### **MARCO NORMATIVO:**

Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, sobre dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia.

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

Real Decreto 806/2006, do 5 de xullo, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación educativa, regulada pola LOE.

Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario de Galicia.

Decreto 133/2007, de 5 de xullo de 2007, que neste curso académico, regulará os currículos de 1º e 3º da ESO , de acordo coas directrices fixadas no capítulo III da LOE.

Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.

Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 21 de decembro do 2007 polo que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde de 3 de xuño de 2010 , polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2010/2011, nos centros sostidos con fondos públicos.

Orde de 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro do 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Contextualización.**

Toda programación debe adecuarse a un contexto social, cultural e xeográfico. O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame , no lugar da Silva.

É un municipio de 93,2 quilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia, con 4.621 habitantes (censo do ano 1986), o que lle dá unha densidade de 49,5 habitantes por quilómetro cadrado distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza.

Consta de 7 parroquias: Cambona, Lousame, Fluíme, Lésense, Tallará, San Xusto de Toxo soutos e Vilanova.

Todos estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

Preto do 60% da poboación activa masculina ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector secundario (industria). No entanto, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares): traballo das terras e coidado dos animais.

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ó nadal, o entroido, o Día das Letras Galegas,... Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática,...

En canto ó terreo deportivo, este concello conta coas seguintes instalacións : 1 pavillón cuberto e outro semicuberto, 7 pistas polideportivas, a piscina municipal e 3 campos de fútbol.

O alumnado do noso centro provén na súa maioría do propio concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia.

A situación social do alumnado é moi equilibrada. Non hai casos de marxinación social, nin alumnos doutras etnias, nin problemas de drogo dependencia, nin alumnos baixo o sistema de protección de menores, nin alumnos de familias desarraigadas... Algúns casos puntuais de alumnos con algún tipo de carencia económica ou de problemática familiar específica (alcoholismo...), que xorden cada certo tempo, son tratados, despois dunha previa análise, informada polo Departamento de Orientación do centro, polos servizos sociais do concello (a educadora familiar e a traballadora social).

Constátase o incremento de alumnado estranxeiro procedente de países hispanoamericanos.

En canto ó idioma, a maioría do alumnado ten como lingua materna o galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve. No referente ó ámbito educativo, a nosa materia “Lingua castelá e Literatura” impartirase exclusivamente en español, e esixiráselle ós alumnos que o falen na clase.

## **2. Obxectivos xerais de área para a etapa**

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

### **3. Contribución da materia de Lingua castelá e Literatura á adquisición das competencias básicas.**

A área de Lingua castelá e Literatura ten como finalidade primeira a mellora da **competencia comunicativa**, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Non se trata, polo tanto, de adquirir só saberes teóricos, senón tamén saberes prácticos. Así, a linguaxe constitúese en instrumento de aprendizaxe do resto das áreas, e ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Como a propia lingua é unha ferramenta, temos que intentar aprenderlle ó alumnado a manexala en todas as situacións de comunicación, o que nos leva á **competencia no tratamento da información e a competencia dixital**. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo a distintas finalidades.

Na medida en que a linguaxe é un instrumento de relación social básico parece necesaria unha aprendizaxe que nos axude a comunicarnos cos demais e a comprender a realidade social do mundo en que se vive, co que se relaciona directamente coa **competencia social e cidadá**. De aí que as actividades da clase de lingua castelá, entendida esta como un microcosmos social, lle faciliten ó alumnado prepararse para participar de maneira construtiva nas actividades da comunicación, axudándolle a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís. Nesta área é importante



inculcar no alumnado a necesidade de caracterizar usos da linguaxe que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe de España (linguas cooficiais, caso de nosa comunidade), ademais das variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais, xa que a miúdo a linguaxe vai asociada a estereotipos ou prexuízos culturais.

Os contidos desta área e etapa son instrumentais, e deben preparar ó alumnado para seguir adquirindo coñecementos. É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación da área de lingua castelá e literatura coa **competencia para aprender a aprender**. A clase de lingua castelá pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poida aprender en calquera situación.

A relación entre esta área e a **competencia en autonomía e iniciativa persoal** entronca no propio proceso de ensino-aprendizaxe, posibilitándolle ó alumnado a transformación da información en coñecemento, caracterizando o que considere oportuno, e incorporando todo aquilo que o enriqueza e lle axude a ser unha persoa máis respectuosa e aberta. Facilitaráselle así a consecución da súa autonomía persoal e a súa capacitación para integrarse como compoñente pleno na sociedade, asumindo valores éticos e sociais que imperan na mesma.

A **competencia cultural e artística** supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas e empregalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal; é, en consecuencia, unha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Desde esta área trátase de capacitar ó alumnado para entender a linguaxe literaria, valorar os textos, establecer relacións entre estes e o entorno no que naceron, pero sobre todo ser capaz de gozar da lectura.

## **4. PROGRAMACIÓN DO PRIMEIRO CICLO**

### **4.0 Obxectivos xerais do 1º ciclo de Lingua castelá e Literatura**

O ensino da lingua castelá e da literatura nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.
3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.
4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
10. Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

## **4.1. Primeiro curso de E.S.O.: Lingua castelá e Literatura**

### **4.1.1. Contidos**

#### **Bloque 1. escoitar, falar, conversar**

- Comprensión de noticias de actualidade próximas ós intereses do alumnado procedentes dos medios de comunicación.
- Exposición de informacións de actualidade tomadas dos medios de comunicación.
- Narración oral, a partir dun guión preparado previamente, de feitos relacionados coa experiencia, presentada de forma secuenciada e con claridade, incluíndo descrições sinxelas e incluíndo ideas e valoracións en relación co exposto, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Comprensión de textos orais empregados no ámbito académico atendendo especialmente a presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións de documentais tomados dos medios de comunicación.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente na petición de aclaracións ante unha instrución, en propostas sobre o xeito de organizar as tarefas, na descripción de secuencias sinxelas de actividades realizadas, no intercambio de opinións e na exposición de conclusións.
- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando ó resto dos seus compoñentes.
- Emprego da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conducta.

#### **Bloque 2. Ler e escribir**

##### *Comprensión de textos escritos*

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como instrucións de uso e normas.

- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo á estrutura do xornal (seccións e xéneros) e ós elementos para textuais, con especial atención ás noticias relacionadas coa vida cotiá e coa información de feitos.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente ós de carácter expositivo e explicativo; ás instrucións para realizar tarefas; á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, de glosarios e de outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- Utilización dirixida da biblioteca do Centro e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información e de modelos para a composición escrita.
- Reflexión crítica con respecto á información dispoñible ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.

#### *Composición de textos escritos*

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como cartas e notas.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación, especialmente noticias, destinados a un soporte impreso ou dixital.
- Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuados.
- Emprego da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios e como forma de regular a conduta.
- Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

### **Bloque 3. Educación literaria**

- Lectura de varias obras adecuadas á idade.
- Recitado de poemas, recoñecendo os elementos básicos do ritmo, a versificación e as figuras semánticas máis relevantes.
- Lectura de relatos breves, incluíndo mitos e lendas de diferentes culturas, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.
- Lectura dramatizada de obras teatrais breves ou de fragmentos recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.

- Diferenciación dos grandes xéneros literarios a través das lecturas comentadas.
- Composición de textos de intención literaria empregando algunha das aprendizaxes adquiridas nas lecturas dirixidas.
- Emprego dirixido da biblioteca do Centro e de bibliotecas virtuais.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.

#### **Bloque 4. Coñecemento da lingua**

- Observación de diferencias relevantes, contextuais e formais, entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, especialmente os propios do ámbito escolar.
- Coñecemento xeral da diversidade lingüística e da distribución xeográfica das linguas de España, valorándoa como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.
- Coñecemento das modalidades da oración e dos modos do verbo como formas de expresar as intencións dos falantes.
- Identificación e uso das formas lingüísticas da deixis persoal (pronomes persoais, posesivos e terminacións verbais) en textos orais e escritos como cartas e normas.
- Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, con especial atención ós temporais, explicativos e de orde e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipses).
- Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención ós tempos de pretérito na narración.
- Recoñecemento do funcionamento sintáctico de verbos de uso frecuente a partir do seu significado, identificando o suxeito e os complementos do verbo, constatando a existencia de complementos necesarios ou argumentais fronte ós non necesarios ou circunstanciais; comprensión dunha terminoloxía sintáctica básica: oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado, especialmente a inserción na oración de expresións con valor explicativo, como a aposición, o adxectivo e a oración de relativo.

- Distinción entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das distintas categorías gramaticais e dos mecanismos de formación de palabras (composición e derivación).
- Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas de léxico (sinonimia, antonimia...) e normativa.
- Iniciación ó uso de dicionarios e de correctores ortográficos dos procesadores de textos.
- Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas.

#### **4.1.2. Programación de aula**

##### **UNIDADE 1:**

##### **A comunicación. A linguaxe e a súa organización**

##### **OBXECTIVOS**

###### **Comunicación**

- Coñecer os principais elementos do proceso de comunicación.
- Comprender os conceptos de signo, código e linguaxe.
- Identificar os trazos distintivos da comunicación oral e a comunicación escrita.

###### **Estudo da lingua**

- Comprender o concepto de lingua.
- Identificar as unidades da lingua.
- Segmentar palabras en sílabas.
- Recoñecer ditongos, tritongos e hiatos.
- Clasificar palabras segundo a súa acentuación.
- Transcribir axeitadamente os sons K, Z e R forte.

##### **CONTIDOS**

###### **Conceptos**

- A comunicación e os seus elementos.
- Signo, código e linguaxe.
- Comunicación oral e comunicación escrita.
- A lingua: concepto e organización.

- As unidades da lingua: sons, sílabas, palabras, enunciados.
- A sílaba: ditongos, tritongos e hiatos.
- O acento: palabras agudas, chairas e esdrúxulas.
- Os sons K, Z e R forte.

### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Análise dos elementos propios dunha situación comunicativa.
- Caracterización da comunicación escrita e da comunicación oral.
- Elaboración e descodificación dun código.
- Segmentación de enunciados nas palabras que os compoñen.
- Segmentación de palabras en sílabas.
- Identificación de ditongos, tritongos e hiatos.
- Diferenciación entre sílaba tónica e sílaba átona.
- Identificación de palabras agudas, chairas e esdrúxulas.
- Aplicación das regras ortográficas dos sons K, Z e R forte.

### **Actitudes**

- Valoración da lingua como medio de comunicación.
- Interese por outros códigos e formas de comunicación.
- Valoración positiva da diversidade lingüística.
- Interese por expresarse correctamente de forma oral e escrita

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

##### **Competencia fonolóxica**

- Segmentar palabras en sílabas.
- Identificar ditongos, tritongos e hiatos.
- Identificar a sílaba tónica.
- **Competencia gramatical**
- Recoñecer os niveis da lingua.
- Coñecer o papel do código na comunicación.
- Coñecer e empregar palabras e expresións do campo da comunicación.
- **Competencia ortográfica**
- Transcribir correctamente os sons K, Z e R forte.

## **B. Competencia sociolingüística**

- Adecuar a forma da mensaxe á intención comunicativa e aos destinatarios.
- Respetar as normas da interacción comunicativa.

## **C. Competencia pragmática**

### **Competencia discursiva**

- Coñecer os trazos básicos da comunicación oral e a comunicación escrita.
- Recoñecer os actores dun acto de comunicación (emisor e receptor).

### **Competencia funcional**

- Elaborar textos narrativos inspirados en lecturas modelo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar os elementos dunha situación comunicativa concreta.
- Recoñecer as distintas unidades da lingua.
- Segmentar axeitadamente unha palabra en sílabas.
- Diferenciar ditongos, tritongos e hiatos.
- Identificar a sílaba tónica dunha palabra.
- Clasificar as palabras segundo a súa acentuación.
- Transcribir correctamente os sons K, Z e R forte.

Estes criterios de avaliación traballaranse por medio de actividades prácticas.

## **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA**

aproximadamente 9 horas.

## **UNIDADE 2:**

### **Tipos de textos. A palabra. Clases e constituíntes**

## **OBXECTIVOS**

### **Comunicación**

- Comprender o concepto de texto.
- Identificar as principais formas do discurso.
- Diferenciar tipos de textos segundo a forma de discurso predominante e segundo a intención do emisor.
- Escribir unha presentación.



### **Estudo da lingua:**

- Diferenciar clases de palabras.
- Recoñecer os constituíntes das palabras.
- Coñecer os métodos de formación de palabras.
- Transcribir axeitadamente os sons G, J, I e o son N ante b e páx.

### **CONTIDOS**

#### **Conceptos:**

- O texto.
- Formas do discurso.
- Clases de textos segundo as súas formas discursivas e segundo a intención comunicativa.
- A palabra e as súas clases.
- Constituíntes das palabras.
- Procedementos de formación de novas palabras.
- As familias de palabras.
- Os sons G, J, I e o son N ante b e páx.

#### **Procedementos, destrezas e habilidades:**

- Clasificación de textos segundo a forma de discurso predominante.
- Recoñecemento de diferentes tipos de textos segundo a súa finalidade.
- Elaboración dun texto expositivo-descriptivo.
- Clasificación de palabras segundo o seu significado, forma e función.
- Distinción de palabras variables e invariables.
- División de palabras nos seus constituíntes.
- Aplicación das regras ortográficas dos sons G, J, I e o son N ante b e páx.

#### **Actitudes:**

- Valoración da lectura como fonte de información, aprendizaxe e pracer.
- Interese pola correcta expresión oral e escrita.

### **COMPETENCIAS BÁSICAS**

#### **Competencia en comunicación lingüística**

##### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

### **Competencia gramatical**

- Distinguir as principais clases de palabras.
- Diferenciar os constituíntes da palabra.
- Recoñecer e aplicar os principais procedementos de formación de palabras.
- Asociar palabras pertencentes a unha mesma familia.

### **-Competencia léxico-semántica**

- Coñecer e empregar palabras e expresións relacionadas cos seres humanos e as súas calidades.

### **- Competencia ortográfica**

- Transcribir correctamente os sons G, J, I e o son N ante b e p.

### **B. Competencia sociolingüística**

- Adecuar a forma do discurso á intención comunicativa.

### **C. Competencia pragmática**

#### **Competencia discursiva**

- Recoñecer clases de textos segundo a forma do discurso dominante.
- Diferenciar textos segundo a súa finalidade.

#### **Competencia funcional**

- Presentarse un mesmo.

### **D. Competencia estratéxica**

- Identificar os valores connotativos das palabras como medio de crear impresións

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Identificar tipos de textos segundo a súa natureza.

Clasificar textos segundo a intención do emisor.

Elaborar unha presentación por escrito.

Recoñecer as diferentes clases de palabras.

Distinguir palabras variables e invariables.

Identificar os constituíntes das palabras.

Recoñecer e aplicar os principais procedementos de formación de palabras.

Transcribir **correctamente** os sons G, J, I e o son N ante b e p.

## **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

## **UNIDADE 3**

## **A narración. O significado das palabras**

### **OBXECTIVOS**

#### **Comunicación**

- Comprender o concepto de narración.
- Coñecer os elementos propios da narración.
- Identificar o punto de vista do narrador.
- Ordenar a secuencia de accións nunha narración.
- Diferenciar o estilo directo e o estilo indirecto.
- Analizar os principais trazos da linguaxe narrativa.
- Escribir un texto narrativo.

#### **Estudo da lingua**

- Entender o concepto de significado.
- Diferenciar significado léxico e significado gramatical.
- Distinguir palabras monosémicas e polisémicas.
- Identificar casos de sinonimia e antonimia.
- Agrupar palabras en campos semánticos e en campos léxicos.
- Usar correctamente as maiúsculas.

### **CONTIDOS**

#### **Conceptos**

- A narración e os seus elementos: narrador, acción e personaxes.
- Linguaxe narrativa: narrador, tempo da acción e estilos directo e indirecto.
- O significado e a súa natureza: significado léxico e significado gramatical.
- Palabras monosémicas e palabras polisémicas.
- Relacións semánticas: antonimia e sinonimia.
- Agrupacións semánticas: campos semánticos e campos léxicos.
- Uso da maiúscula inicial.

#### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Identificación de textos narrativos.
- Recoñecemento do punto de vista do narrador nun texto.
- Secuenciación das accións dun texto narrativo.
- Clasificación dos personaxes segundo a súa función e importancia.
- Diferenciación do estilo directo e indirecto nunha narración.

- Composición dun texto narrativo.
- Distinción do significado léxico e o significado gramatical.
- Identificación de sinónimos e antónimos.
- Formación de campos semánticos e léxicos.
- Emprego correcto da maiúscula inicial.

### **Actitudes**

- Valoración da lectura como fonte de información e pracer.
- Interese pola ampliación de vocabulario e a selección léxica segundo o contexto ou a situación comunicativa.
- Interese pola correcta expresión oral e escrita.

### **COMPETENCIAS BÁSICAS**

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

##### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

##### **- Competencia gramatical**

- Diferenciar os significados léxico e gramatical das palabras.
- Coñecer a diferenza entre palabras monosémicas e polisémicas.
- Recoñecer palabras sinónimas e antónimas.
- Diferenciar entre campo semántico e campo léxico.

##### **Competencia léxico-semántica**

- Coñecer e empregar palabras e expresións relacionadas coas calidades.

##### **Competencia ortográfica**

- Empregar correctamente as maiúsculas.

##### **B. Competencia sociolingüística:**

- Recoñecer a influencia do status social na comunicación.

##### **C. Competencia pragmática**

##### **- Competencia discursiva**

- Coñecer os elementos da narración.
- Recoñecer e explicar a estrutura típica dun texto narrativo.
- Recoñecer e utilizar marcadores temporais.
- Identificar os trazos característicos da linguaxe narrativa.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar o tipo de narrador nun texto concreto.

- Ordenar as accións que compoñen unha narración.
- Clasificar os personaxes dun texto narrativo en protagonista, antagonista e secundarios.
- Recoñecer o uso dos estilos directo e indirecto nun texto.
- Redactar un breve texto narrativo.
- Explicar a diferenza entre o significado léxico e o significado gramatical.
- Identificar casos de polisemia.
- Escribir sinónimos e antónimos de diversas palabras.
- Formar campos semánticos e léxicos a partir dunha palabra.
- Usar correctamente as maiúsculas.

#### **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

#### **UNIDADE 4:**

##### **Tipos de textos narrativos. O enunciado**

#### **OBXECTIVOS**

##### **Comunicación**

- Clasificar os textos narrativos atendendo ao ámbito no que se producen.
- Comprender os conceptos de narración literaria, histórica e xornalística.
- Identificar as principais formas de cada unha destes tipos de narración.
- Analizar os trazos máis sobresaíntes dos diferentes tipos de textos narrativos.
- Escribir un texto narrativo.

##### **Estudo da lingua**

- Recoñecer enunciados.
- Diferenciar oracións e frases.
- Comprender o concepto de sintagma.
- Dividir un enunciado en sintagmas.
- Recoñecer os núcleos de sintagmas nominais e verbais.
- Identificar o suxeito e o predicado en oracións simples.
- Dividir correctamente palabras a final de liña.

#### **CONTIDOS**

##### **Conceptos**

- Os tipos de textos narrativos.
- A narración literaria e as súas formas: o conto e a novela.
- A narración histórica e as súas formas: a crónica, a biografía e o diario.
- A narración xornalística.
- O enunciado e as súas clases: frase e oración.
- O sintagma e as súas clases: sintagma nominal e sintagma verbal.
- O suxeito e o predicado.
- A partición de palabras a final de liña.

### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Identificación do tipo textual dun escrito narrativo.
- Análise dos principais elementos de distintas narracións.
- Composición dun texto narrativo en primeira persoa.
- Recoñecemento de enunciados nun texto e distinción de oracións e frases.
- Identificación de sintagmas nominais e verbais, e dos seus respectivos núcleos.
- Recoñecemento do suxeito e do predicado en oracións simples.
- Partición de palabras a final de liña.

### **Actitudes**

- Valoración da lectura como fonte de información e pracer.
- Participación activa na presentación de traballos de creación propia.
- Interese pola correcta expresión oral e escrita.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

##### **Competencia fonolóxica**

- Dividir palabras en sílabas.

##### **- Competencia gramatical**

- Recoñecer os enunciados e os seus tipos: oración e frase.
- Coñecer o concepto de sintagma e identificar sintagmas nominais e verbais.
- Usar o mecanismo da concordancia para identificar o suxeito e o predicado.

##### **- Competencia léxico-semántica**

- Coñecer e empregar palabras e expresións do ámbito dos sentimentos.

##### **- Competencia ortográfica**

- Realizar correctamente a partición de palabras en sílabas a final de liña.

### **B. Competencia sociolingüística**

- Adecuar o texto á intención da mensaxe.

### **C. Competencia pragmática**

#### **- Competencia discursiva**

- Distinguir os tipos de textos narrativos.
- Aplicar a cada tipo de texto a estrutura narrativa que o define.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar a clase dun texto narrativo.
- Recoñecer os principais subxéneros narrativos e as súas características.
- Recoñecer os enunciados dun texto.
- Diferenciar os enunciados e os seus tipos: oracións e frases.
- Recoñecer sintagmas nominais e verbais, e os seus núcleos.
- Identificar o suxeito e o predicado de oracións simples.
- Empregar a concordancia en oracións.
- Dividir correctamente palabras a final de liña.

### **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

### **UNIDADE 5:**

#### **A descrición. O verbo (raíz e desinencias)**

### **OBXECTIVOS**

#### **Comunicación**

- Recoñecer textos descritivos.
- Diferenciar, segundo o punto de vista, clases de descrições.
- Identificar a orde seguida nunha descrición.
- Caracterizar a linguaxe dun texto descritivo.
- Escribir unha descrición.

#### **Estudo da lingua**

- Comprender o concepto de verbo.
- Identificar os constituíntes da forma verbal: a raíz e as desinencias.

- Comprender as nocións gramaticais que expresan as desinencias verbais.
- Usar correctamente a grafía b.

## **CONTIDOS**

### **Conceptos**

- A descrición.
- Descrición subxectiva e descrición obxectiva.
- Trazos formais dos textos descritivos.
- O retrato.
- O verbo: raíz e desinencias.
- Número, tempo, persoa e modo do verbo.
- Formas verbais non persoais.
- O son B. A grafía b.

### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Recoñecemento de textos descritivos.
- Diferenciación de descricións obxectivas e subxectivas.
- Análise da orde seguida nunha descrición.
- Comentario dos principais trazos lingüísticos e estilísticos dun texto descritivo.
- Composición dun retrato.
- Recoñecemento de formas verbais persoais e non persoais.
- Identificación da raíz e as desinencias en formas verbais.
- Recoñecemento do número, a persoa, o tempo e o modo das formas verbais.
- Uso correcto da grafía b.

### **Actitudes**

- Valoración da lectura como fonte de información e pracer.
- Interese pola produción de textos axeitados e coherentes como medio de expresión.
- Actitude positiva cara ao estudo dos mecanismos e recursos propios da lingua.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

##### **Competencia gramatical**

- Identificar a raíz e as desinencias das formas verbais.



- Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo.
- Recoñecer a información das desinencias: persoa, número, tempo e modo.

#### Competencia léxico-semántica

- Coñecer e empregar palabras e expresións do campo das crenzas.

#### - **Competencia ortográfica**

- Empregar correctamente a grafía b para transcribir o son B.

#### **B. Competencia sociolingüística**

- Recoñecer a posición do autor fronte ao seu escrito.
- Construír un texto acorde co punto de vista adoptado.

#### **C. Competencia pragmática**

##### **Competencia discursiva**

- Coñecer as características fundamentais da descrición.

##### **- Competencia funcional**

- Describir un personaxe de forma subxectiva.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñecer textos descritivos.
- Identificar a orde seguida nunha descrición.
- Comentar os principais trazos lingüísticos dun texto descritivo.
- Identificar formas verbais persoais e non persoais.
- Diferenciar a raíz e as desinencias nunha forma verbal.
- Recoñecer o número, a persoa, o tempo e o modo dunha forma verbal.
- Usar correctamente a grafía b para transcribir o son B.

#### **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

#### **UNIDADE 6:**

#### **O diálogo e as súas formas. A conxugación verbal**

#### **OBXECTIVOS**

##### **Comunicación**

- Coñecer o diálogo e as súas características.
- Identificar o estilo directo e o estilo indirecto nun texto.
- Diferenciar os tipos de diálogos.
- Redactar unha entrevista.

## **Estudo da lingua**

- Comprender o concepto de conxugación verbal.
- Distinguir tempos simples e tempos compostos.
- Diferenciar tempos perfectos e tempos imperfectos.
- Identificar verbos regulares, irregulares e defectivos.
- Usar axeitadamente a grafía v.

## **CONTIDOS**

### **Conceptos**

- O diálogo.
- Estilo directo e estilo indirecto.
- O diálogo espontáneo: a conversación.
- Diálogos planificados: o debate e a entrevista.
- A conxugación verbal.
- Os tempos verbais.
- Verbos regulares, irregulares e defectivos.

O son B. A grafía v.

### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Identificación do diálogo e as súas formas.
- Comparación de diálogos espontáneos e planificados e análise da súa estrutura.
- Redacción dunha entrevista.
- Clasificación de formas verbais segundo o tempo e a conxugación.
- Distinción entre tempos simples e compostos e entre tempos perfectos e imperfectos.
- Recoñecemento de verbos regulares, irregulares e defectivos.
- Emprego correcto da grafía v.

### **Actitudes**

- Valoración da lectura como fonte de información e pracer.
- Participación activa en intercambios de comunicación de natureza oral, como debates e entrevistas guiados.
- Actitude positiva cara ao estudo dos mecanismos e recursos propios da lingua.
- Interese por expresarse correctamente de xeito oral e escrito.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

## **A. Competencia lingüística**

### **Competencia gramatical**

- Coñecer as tres conxugacións verbais.
- Diferenciar os tempos verbais simples e compostos.
- Diferenciar tempos verbais perfectos e imperfectos.
- Recoñecer os verbos irregulares.
- Recoñecer os verbos defectivos.

### **- Competencia léxico-semántica**

- Coñecer e empregar palabras e expresións do campo dos sentidos.

### **Competencia ortográfica**

- Empregar correctamente a grafía v.

## **B. Competencia sociolingüística**

- Adoptar o rexistro lingüístico e o tempo axeitado á situación.
- Tratar con deferencia ao interlocutor.

## **C. Competencia pragmática**

### **Competencia discursiva**

- Coñecer os trazos básicos da conversación.
- Reproducir o discurso en estilo directo e en estilo indirecto

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar textos dialogados.
- Diferenciar as clases de diálogos.
- Recoñecer a conxugación á que pertence un verbo.  
Analizar morfoloxicamente formas verbais.
- Diferenciar verbos regulares, irregulares e defectivos.
- Usar correctamente a grafía v.

## **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

## **UNIDADE 7:**

### **A literatura e as súas formas. Uso dos tempos verbais**

## **OBXECTIVOS**

## **Literatura**

- Comprender o concepto de literatura, as súas características e as súas finalidades.
- Coñecer os distintos tipos de literatura segundo a súa forma, orixe e transmisión.
- Escribir un conto.
- Estudo da lingua
- Coñecer e diferenciar os usos dos tempos verbais do indicativo, do subxuntivo e do imperativo.
- Utilizar correctamente a grafía h.

## **CONTIDOS**

### Conceptos

- A literatura: os seus trazos e finalidades.
- Literatura oral e literatura escrita.
- Literatura popular e literatura culta.
- Prosa e verso.
- Uso e significado dos tempos verbais.
- A grafía h.
- Procedementos, destrezas e habilidades
- Diferenciación de textos literarios e textos non literarios.
- Identificación dos trazos propios dun texto literario.
- Distinción de prosa e verso.
- Redacción dun conto.
- Recoñecemento e uso axeitado das formas de presente e de pretérito de indicativo.
- Formación de oracións con formas verbais en subxuntivo.
- Uso axeitado do imperativo.

Emprego correcto da grafía h.

### **Actitudes**

- Valoración das obras literarias como fonte de información e pracer.
- Interese pola creación de textos literarios propios.
- Participación activa nos intercambios de comunicación.
- Curiosidade cara ao estudo dos mecanismos e recursos propios da lingua.
- Interese pola adquisición de novo vocabulario como medio para mellorar a expresión oral e escrita.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

###### **Competencia gramatical**

- Diferenciar os tempos verbais.
- Identificar os significados das formas verbais.
- Coñecer os distintos usos das formas verbais.

###### Competencia léxico-semántica

- Coñecer e empregar palabras e expresións do campo do vestido.

###### **- Competencia ortográfica**

- Empregar correctamente a grafía h.

##### **B. Competencia sociolingüística**

- Coñecer o valor comunicativo de certas formas verbais (cortesía, orde...).

##### **C. Competencia estratéxica**

- Distinguir o real do ficticio e o obxectivo do subxectivo, a través da expresión lingüística.

#### **2. Competencia meta cognitiva**

- Avaliar os escritos de creación propia con criterios obxectivos.

#### **3. Competencia existencial**

- Recoñecer os problemas derivados da vaidade e o afán de aparentar.

#### **4. Competencia literaria**

- Identificar o literario a partir de criterios formais e de contido.
- Valorar as diversas finalidades da literatura.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar textos literarios e clasificalos segundo a súa forma.
- Interpretar textos literarios.
- Explicar o significado dun tempo verbal nun texto concreto.
- Identificar os significados básicos dos distintos modos verbais.
- Empregar axeitadamente os tempos verbais.
- Usar correctamente a grafía h.

## **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

### **UNIDADE 8:**

#### **A linguaxe literaria. O adverbio**

### **OBXECTIVOS**

#### **Literatura**

- Comprender o concepto de linguaxe literaria.
- Coñecer e identificar os principais recursos estilísticos.
- Distinguir e analizar recursos fónicos, gramaticais e semánticos nun texto literario.

#### **Estudo da lingua**

- Identificar os adverbios e a súa función nun enunciado.
- Clasificar adverbios segundo o seu significado.
- Recoñecer locucións adverbiais.
- Empregar correctamente o til.

### **CONTIDOS**

#### **Conceptos**

- A linguaxe literaria.
- Os recursos estilísticos e as súas clases.
- Principais recursos fónicos: aliteración.
- Principais recursos gramaticais: elipse, epíteto, anáfora, paralelismo e hipérbato.
- Principais recursos semánticos: antítese, paradoxo, símil, metáfora e ironía.
- O adverbio: concepto e función.
- Clases de adverbios.

#### **Procedementos, destrezas e habilidades**

- Identificación dos principais recursos estilísticos presentes nun texto.
- Análise e interpretación de recursos fónicos, gramaticais e semánticos.
- Creación dun texto propio empregando recursos estilísticos.
- Recoñecemento de adverbios.
- Clasificación dos adverbios segundo o seu significado.
- Aplicación correcta dos principios xerais de acentuación.

#### **Actitudes**

- Valoración da literatura como fonte de información e pracer.
- Interese pola creación de textos literarios propios.
- Curiosidade cara ao estudo dos mecanismos e recursos propios da lingua.
- Interese pola adquisición de novo vocabulario como medio para mellorar a expresión oral e escrita.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **Competencia en comunicación lingüística**

#### **1. Competencia comunicativa**

##### **A. Competencia lingüística**

###### **Competencia fonolóxica**

- Identificar a sílaba tónica dunha palabra.
- Acentuar correctamente.

###### Competencia gramatical

- Recoñecer os adverbios e as circunstancias que expresan.
- Expresar circunstancias mediante o uso de adverbios.

###### **- Competencia léxico-semántica**

- Coñecer e empregar palabras e expresións relacionadas coa vivenda.

###### **- Competencia ortográfica**

- Aplicar correctamente as regras de acentuación.

##### **B. Competencia sociolingüística**

- Identificar o emisor, o destinatario e a intención dos textos literarios.

##### **C. Competencia estratéxica**

- Comparar textos de distinta natureza.

#### **2. Competencia meta cognitiva**

- Analizar o proceso de creación dos recursos literarios.
- Explicar a función dos recursos literarios.

#### **3. Competencia existencial**

- Reflexionar sobre os fenómenos ultra naturais.

#### **4. Competencia literaria**

- Diferenciar distintos recursos estilísticos e as súas finalidades.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Recoñecer a linguaxe literaria.

- Recoñecer e interpretar os principais recursos estilísticos nun texto literario.
- Identificar adverbios e locucións adverbiais, e analizar a súa función.
- Clasificar os adverbios e as locucións adverbiais segundo o seu significado.
- Aplicar correctamente as normas xerais de acentuación.

### **DURACIÓN APROXIMADA PARA ESTA UNIDADE DIDÁCTICA:**

aproximadamente 9 horas.

### **UNIDADE 9:**

#### **Os xéneros literarios. O substantivo e as súas clases .O artigo**

### **OBXECTIVOS**

#### **Literatura**

- Coñecer os principais xéneros e subxéneros literarios.
- Clasificar textos segundo o seu xénero.
- Identificar os trazos fundamentais de cada xénero literario.
- Estudo da lingua
- Comprender o concepto de substantivo.
- Recoñecer as clases de substantivos.
- Coñecer os morfemas flexivos propios do substantivo.
- Identificar o artigo e coñecer a súa función.
- Empregar os signos que limitan enunciados.

### **CONTIDOS**

#### **Conceptos**

- Os xéneros literarios e a súa clasificación.
- O xénero lírico, o xénero épico e o xénero dramático: definición e características.
- Principais subxéneros literarios.
- O substantivo.
- Clases de substantivos.
- O xénero e o número dos substantivos.
- O artigo.
- O punto, os puntos suspensivos e os signos de consulta e exclamación.

#### **Procedementos, destrezas e habilidades**



- Recoñecemento do xénero literario ao que pertence un texto.
- Análise dos trazos característicos de cada xénero literario.
- Composición dun texto narrativo.
- Identificación e clasificación do substantivo.
- Análise do xénero e o número dun substantivo.
- Recoñecemento do artigo e análise da súa función.
- Uso correcto dos signos de peche de enunciado.

### **Actitudes**

## PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Proba de avaliación inicial.
- Valoración da tarefa individual relacionada cos contidos da unidade (20%)
- Valoración da tarefa individual relacionada co desenvolvemento dalgunhas das competencias básicas:
  - Expresión oral: intervención, contextualización, vocalización, fluidez, linguaxe no verbal... (10%)
  - Expresión escrita: gramática, ortografía, orixinalidade e creatividade, adecuación e concreción... (10%)
  - Búsqueda e manexo da información: control da búsqueda de información, cita correcta das fontes, recoñecemento da fiabilidade das fontes, aproveitamento da información obtida nas fontes, manexo dos programas informáticos mais usuais para o tratamento de textos e elaboración de presentacións... (10%)
  - Procesamento da información: elaboración dun texto, estrutura do texto, organización e expresión... (10%)
- Valoración do traballo individual, en relación fundamentalmente coas competencias de autonomía e iniciativa persoal e emocional (5%)
- Valoración do funcionamento individual no grupo (exposicións, intervencións...), en relación sobre todo coa competencia social e cidadá (5%)

- Control da unidade (30%)
- Control trimestral da avaliación.

### **PROCEDIMENTO DE DETECCIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS**

- Fichas de reforzo da unidade.
- Adaptación curricular: Tema 12.

### **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN**

- Fichas de reforzo da unidade.
- Adaptación curricular: Tema 12.

### **ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS**

A finalidade das actividades propostas no libro do alumno é articular o proceso de ensinanza-aprendizaxe, de xeito que se consoliden no alumnado os coñecementos programados na unidade (saber-saber), as habilidades e procedementos (saber aplicar, saber facer) e as actitudes e valores (saber ser e saber estar).

Nesta unidade traballarase a partires de catro tarefas básicas.

- Na *primeira tarefa (Obradoiro de lectura)* farase unha lectura de diferentes textos literarios, que representen algunhas das diversas manifestacións literarias actuais, tanto en poesía como en novela e teatro, identificando as características da literatura española actual.
- A *segunda tarefa (Coloquio: «expectativas inxustas»)* consistirá na realización das actividades do libro do alumno relacionadas co texto proposto e despois levarase a cabo un coloquio que sirva aos alumnos para comunicar aos seus compañeiros as súas opinións sobre o texto.
- Na *terceira tarefa (Informe sobre o cine español)* farase, en grupo e de xeito cooperativa, unha investigación e un informe sobre a relación existente entre o cine español e a literatura española actual.
- Coa *cuarta tarefa* traballaranse os instrumentos lingüísticos que nos permitirán mellorar o noso emprego da linguaxe e comprender mellor o seu funcionamento. Neste caso centrarémonos nos mecanismos de cohesión.

### **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Fichas de repaso. Unidade 12.

- Fichas de adaptación curricular. Unidade 12.
- Recursos complementarios. Unidade 12.

### **EDUCACIÓN EN VALORES**

- Aprecio pola lectura de obras literarias como fonte de información e pracer.
- Valoración dos textos literarios como produtos históricos e culturais.
- Curiosidade fronte aos mecanismos e recursos da lingua como medio para desenvolver a capacidade comunicativa.

### **FOMENTO DA LECTURA**

- Lecturas da unidade (lecturas para traballar en clase):
  - *Treinta años atrás*, de Antonio Muñoz Molina.
  - *La ciudad de los prodigios* y *La aventura del tocador de señoras*, de Eduardo Mendoza.
  - *Todas las almas, Tu rostro mañana. Baile y sueño*, de Javier Marías.
  - *El invierno en Lisboa, Plenilunio, El jinete polaco*, de Antonio Muñoz Molina.
- Textos para o desenvolvemento das competencias básicas (lecturas para traballar como actividades complementarias ás que se realizan na clase):
  - «Citas, refranes y otras mentiras», adaptación dun texto de Fernando Trías de Bes, publicado en *El País Semanal*.
  - «Atapuerca», adaptación dun texto publicado na revista *Arte Historia*.
- Ler un libro (programa de lectura guiada e cunha proposta de actividades):
  - *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*, de Pablo Neruda.
- Plan lector (proposta de lectura de libros, sen guías nin actividades):
  - *El camino de Sherlock*, de Andrea Ferrari.

### **FOMENTO DAS TIC**

- Recursos dixitais dispoñibles no Libromedia. Tema 12. Inclúe audio, información complementaria, actividades interactivas, resume en audio.
- Escolla de diversas páxinas web relacionadas co tema.
- Emprego do programa Power Point.

### **FOMENTO DA CONVIVENCIA**

A convivencia na aula debe traballarse día tras día. Nesta unidade, aproveitando a lectura do texto *Treinta años atrás*, de Antonio Muñoz Molina, propoñeráse aos

alumnos unha reflexión sobre o fascismo en Europa e as ditaduras de América Latina, Asia ou África que sirva, ademais, de reflexión introdutoria ao tema que se vai a tratar nesta unidade: a transición e a democracia na España actual, onde se lles fará tomar conciencia dos valores democráticos.

## **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

Libro do alumno.

Guía e recursos:

- Programación de aula.
- Ficha de repaso e explicación (tema 12).
- Fichas de adaptación curricular (tema 12).
- Recursos complementarios (tema 12).
- Libromedia Santillana (tema 12).

Ler noticias.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Os alumnos elaborarán unha exposición sobre a literatura española actual.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

- Valorar o mellor da unidade didáctica na aprendizaxe dos alumnos, a motivación que amosaron, o grao de implicación na tarefa e o clima e a interacción na aula.
- Valorar os aspectos que presentaron dificultades con relación á temporalización, á atención á diversidade , os recursos e a avaliación.

### **6.3.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

1.Comprender a intención comunicativa, as ideas principais, os datos relevantes, as teses ou argumentos dos textos orais nos medios de comunicación ou no ámbito escolar. Con este criterio avalíase se o alumnado dá elaborado resumos ou esquemas de exposicións orais recollendo intencións, teses ou argumentos de declaracións en debates públicos de carácter persuasivo ou do ámbito escolar

2. Comprender a intención comunicativa, temas, organización da información de textos escritos nos medios de comunicación ou no ámbito públicos e xulgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados. Comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos.

Este criterio serve para avaliar se os alumnos e alumnas identifican o acto da fala e o propósito comunicativo nos textos públicos de participación; se son capaces de inferir o tema principal e os secundarios a partir de informacións do texto e dos seus coñecementos; se son capaces de xulgar o papel dalgúns procedementos lingüísticos (rexistro, organización do texto, figuras retóricas) na eficacia do texto (claridade, precisión, capacidade de persuasión); se seguen instrucións en procesos complexos de aprendizaxe.

3. Expor, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, con claridade e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.

Con este criterio preténdese avaliar na composición de textos a súa organización e coherencia, así como a súa planificación ata chegar ao texto definitivo, axustado a un formato e rexistro axeitados, e se as alumnas e alumnos saben compondor textos propios do ámbito público.

4. Realizar presentacións orais claras e estruturadas sobre temas académicos, sociais, políticos, culturais coa axuda dos medios de comunicación e das TIC.

Con este criterio preténdese observar se o alumnado é capaz de realizar exposicións orais sobre un tema coa axuda de notas escritas, carteis, diapositivas ou calquera outro medio audiovisual, de forma ordenada e crítica, proporcionando datos que lles permitan aos oíntes adoptar unha actitude propia. Valorarase a utilización dos medios audiovisuais e das TIC como apoio nas presentacións orais.

5. Expor unha opinión argumentada sobre a lectura de obras a partir do século XIX ata a actualidade ; avaliar a composición xeral e relacionar o sentido da obra e a propia experiencia.

Preténdese avaliar a competencia lectora no ámbito literario por medio da lectura de obras completas dos períodos literarios estudados; con espírito crítico , valorando o contido ,a estrutura, as características das obras, o punto de vista da autora ou autor.



6. Identificar e valorar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos. Proponer outras formulacións que eliminen a discriminación detectada.

Con este criterio inténtase comprobar se o alumnado é capaz de detectar, tanto nos textos alleos como nos propios, algún tipo de prexuízo moral, cultural ou sexista tanto no contido como na linguaxe utilizada; tamén se é capaz de proponer solucións lingüísticas que supriman o uso discriminador, non só nos distintos medios de comunicación, senón tamén no uso diario do ámbito sociocultural que o rodea.

7. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de textos breves da literatura contemporánea, relacionando fragmentos e autores co seu contexto literario e histórico; valorar as innovacións dos xéneros e as formas na literatura contemporánea.

Este criterio avalía a capacidade de percepción por parte do alumnado do fenómeno literario como unha actividade enmarcada nun período socio-histórico determinado, identificando características e valorando as novidades e achegas dos movementos xurdidos nas épocas de estudo. Deberán tamén poder recrear ou imitar algún modelo proposto na clase.

8. Mostrar coñecemento das relacións, nas obras lidas, entre os autores/as cun traballo persoal de síntese ou recreación, en soporte papel ou dixital, expoñendo unha valoración persoal.

Este criterio trata de comprobar que se comprende o fenómeno literario como unha actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado, mediante un traballo persoal, en soporte papel ou dixital, que sintetice a información obtida ou a composición dun texto que imite ou recree algún dos modelos utilizados. Preténdese comprobar que se adquire o coñecemento dos períodos e movementos literarios a partir do século XIX ata a actualidade, así como de obras ou autores máis relevantes desa época.

9. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma de textos propios.

Preténdese avaliar con este criterio se se adquiren e utilizan os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso en relación coa comprensión e coa composición e se se utilizan con autonomía na revisión de textos; avaliaranse todos os aspectos, en especial a expresión da subxectividade (opinión, valoración, certeza ,citas), a deíxe (fórmulas de confianza e de cortesía), a utilización de oracións simples e complexas, o uso de conectores (causa, consecuencia, condición ,hipótese)os mecanismos de referencia interna, a construción de enunciados cohesionados (construcións e oracións nominais, xustaposición, coordinación e subordinación).Terase en conta a ortografía de elementos de orixe grecolatina, a puntuación como recurso de cohesión, o uso da raia e a paréntese en incisos e os usos expresivos das comiñas.

10.Coñecer e usar a terminoloxía lingüística axeitada na reflexión sobre o uso.

Preténdese comprobar con este criterio que se coñece e se usa de forma axeitada a terminoloxía necesaria para referirse aos coñecementos gramaticais; debe distinguirse neste curso a diferenza entre forma e función das palabras, e débense coñecer os procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para os cambios de categoría; valorarase a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

#### **6.4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.**

A área de lingua castelá e literatura ten como finalidade primeira a mellora da competencia comunicativa, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Non se trata, polo tanto, de adquirir só saberes teóricos, senón tamén saberes prácticos. Así, a linguaxe constitúese en instrumento de aprendizaxe do resto das áreas, e ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Como a propia lingua é unha ferramenta, temos que intentar aprenderlle ao alumnado a manexala en todas as situacións de comunicación, o que nos leva á competencia no tratamento da información e competencia dixital. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar o alumnado para unha axeitada xestión da información atendendo a distintas finalidades.

Na medida en que a linguaxe é un instrumento de relación social básico parece necesaria unha aprendizaxe que nos axude a comunicarnos cos demais e a comprender a realidade social do mundo en que se vive, co que se relaciona directamente coa competencia social e cidadá. De aí que as actividades da clase de lingua castelá, entendida esta como un microcosmos social, lle faciliten ao alumnado prepararse para participar de maneira construtiva nas actividades da comunidade, axudándolle a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís. Nesta área é importante inculcar no alumnado a necesidade de caracterizar usos da linguaxe que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe de España (linguas cooficiais, caso da nosa comunidade), ademais das variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais, xa que a miúdo a linguaxe vai asociada a estereotipos ou prexuízos culturais.

Os contidos desta área e etapa son instrumentais, e deben preparar ao alumnado para seguir adquirindo coñecementos. É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación da área de lingua castelá e literatura coa competencia para aprender a aprender. A clase de lingua castelá pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poida aprender en calquera situación.

A relación entre esta área e a competencia en autonomía e iniciativa persoal entróncase no propio proceso de ensino-aprendizaxe, posibilitándolle ao alumnado a transformación da información en coñecemento, caracterizando o que considere oportuno, e incorporando todo aquilo que o enriqueza e o axude a ser unha persoa máis respectuosa e aberta. Facilitaráselle así a consecución da súa autonomía persoal e a súa

capacitación para integrarse como compoñente pleno na sociedade, asumindo valores éticos e sociais que imperan nela.

A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal; é, en consecuencia, unha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo, da arte e da cultura. Desde esta área trátase de capacitar o alumnado para entender a linguaxe literaria, valorar os textos, establecer relacións entre estes e o contorno en que naceron, pero sobre todo ser capaz de gozar da lectura.

As actividades e os contidos propostos na programación do segundo ciclo pretenden, dende distintas ópticas ou dende exemplos de campos distintos desenrolar os procedementos necesarios para que o alumnado poida mellorar a súa expresión oral e escrita.

Traballaranse textos de diversa tipoloxía, accesibles e atractivos para o alumnado co fin de axudarlle a descubrir ou aumentar o gusto pola lectura.

A ortografía segue sendo obxectivo primordial desta etapa, adaptárase ás necesidades de cada un dos alumnos, reforzando aqueles aspectos, que como ven sendo habitual, presentan maiores dificultades. A adquisición e a ampliación do léxico do alumnado constitúe outro dos eixes en torno ós que xira a programación búscase conseguir un bo nivel de léxico mediante exercicios prácticos, especialmente, insistimos, a través da lectura.

Polo que se refire ó estudo da lingua, as cuestións gramaticais presentaranse como elementos da programación que cumpren unha función específica en cada acto comunicativo e non como se se tratase de conceptos abstractos que o alumno debe memorizar porque si, sempre perseguindo un obxectivo: aprender a falar e escribir mellor; en 3º ESO farase fincapé nas distintas categorías gramaticais e introducirase a oración simple; en 4º ESO, a oración composta, en todas as súas variacións, traballarase mediante a análise sintáctica.

Como materiais curriculares propóñense os seguintes libros de texto:

**\*LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA, Editorial Santillana,  
Serie Debate 3º ESO**

**\*LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA, Editorial  
SANTILLANA 4º ESO**

No segundo ciclo temos dous grupos de cada curso, inicialmente, en ningún hai alumnos ou alumnas con Adaptación Curricular na materia de Lingua Castelá e Literatura, aínda que si algún con reforzo que asiste ás clases de apoio; paralelamente tampouco temos ningún alumno coa materia pendente de cursos pasados.

Como lecturas obrigatorias para o presente curso destacamos as seguintes:

**3º ESO:** *El otro barrio*, Elvira Lindo, Alfaguara.

*El infierno de Marta*, Pascual Alapont, Algar.

*Sueños rotos*, Sierra i Fabra, Algar.

**4º ESO :** *Las luces de septiembre*, Carlos Ruiz Zafón, Planeta.

*Llamando a las puertas del cielo*, Sierra i Fabra, Edebé.

*Eloísa está debajo de un almendro*, Enrique Jardiel Poncela, Vicens  
Vives.

## **6.5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

**3º ESO**

### **1.Estructuras formais do texto:**

-Estruturas narrativas: novela, conto, noticia e reportaxe.

-Estruturas descritivas: descrición científica e descrición literaria (o retrato, a paisaxe e os obxectos).

-Estruturas dialogadas: o diálogo na narración e no teatro; a entrevista e a enquisa.

### **2. A ortografía:**

-As regras xerais de acentuación. Acentuación de ditongos ,hiatos e tritongos .Acentuación de palabras compostas .O til diacrítico. Casos especiais de acentuación.

-O emprego do b e do v; uso do g e do j; uso do h.

-As grafías s/x, r/rr, ll/y, c/q/k e c/z.

### **3.A gramática:**

-O sintagma nominal.

-O substantivo

-O adxectivo

-Os determinantes e os pronomes

-O verbo

-O sintagma verbal

-A oración gramatical

-A oración composta

### **4.O léxico:**

-As palabras polisémicas, homónimas, sinónimas e antónimas.

-A formación das palabras: prefixos e sufixos.

-As voces estranxeiras. As palabras compostas.

-Familias léxicas e campos semánticos.

### **5.A literatura:**

-Os xéneros literarios.

-O estudo da obra literaria

-Introdución á literatura medieval.

-Introdución á literatura dos Séculos de Ouro

-Introdución á literatura do século XVIII.

## **6.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**3º ESO**

1.Saber recoñecer as características fundamentais dos diferentes tipos de escritos.

2.Elaborar diferentes tipos de textos (narrativos, descriptivos, dialogados e periodísticos) e adapta-los ás distintas situacións comunicativas.

3.Captar e sintetizar as ideas esenciais de textos distintos.

4.Saber expresarse, oralmente e en público con soltura e corrección.

5.A ortografía, o léxico e a gramática valoraranse en función do uso que o alumnado faga á hora de crear textos orais e escritos .No caso concreto da gramática, o seguimento e a avaliación dos alumnos pode orientarse a través dos seguintes aspectos de referencia:

a)o traballo do alumnado na aula; para elo sempre se aconsella realizar algún exercicio en cada sesión, non se adica toda a hora á explicación teórica.

b)o traballo do alumnado na casa, pódese avaliar a partir das tarefas realizadas no caderno, e a súa corrección na aula. Aquí veremos a escrita, a orde, o esforzo e a actitude fronte á materia.

c)A proba escrita confirmará o que advertimos xa no seguimento das outras tarefas.

6.No que se refire á Literatura o alumno terá que ser capaz de:

a)Ler e comprender textos literarios diversos e identificalos a partir dos seus trazos nos distintos xéneros literarios.

b)Facer o esquema métrico dun poema.

c)Contextualizar historicamente os autores e as obras máis importantes.

d)Comentar fragmentos literarios e relacionalos co período literario correspondente.

- 1.O texto e as súas propiedades: adecuación, coherencia e cohesión.
- 2.Os medios de comunicación: radio, televisión e cine
- 3.Os textos formais: currículum vitae, instancia, solicitude, reclamación e correo electrónico.
- 4.Textos orais planificados: a conferencia e o discurso
- 5.O ensaio: características principais.
- 6.A publicidade: características principais.
- 7.A comunicación humana: funcións da linguaxe, o signo lingüístico.
- 8.As variedades da lingua: variedades dialectais e rexistros.
- 9.O español de América: principais características.
- 10.Ortografía:repasso da ortografía xeral da lingua castelá.
- 11.Léxico:palabras patrimoniais, cultismos, dobles e préstamos; procedementos de formación de palabras; expresións de orixe latina; tabú e eufemismo.
- 12.A oración gramatical: palabras e sintagmas; os complementos do predicado verbal; clases de oracións.
- 13.A oración composta: composición, subordinación e xustaposición.
- 14.A norma culta: concordancia entre suxeito e verbo; emprego dos números ;locucións incorrectas; estranxeirismos ;a lectura en voz alta (o verso).
- 15.A literatura: Romanticismo en España (Gustavo Adolfo Bécquer, Mariano José de Larra);Realismo y Naturalismo en España (Benito Pérez Galdós y Leopoldo Alas



Clarín); a literatura no século XX (Modernismo e Generación del 98; Rubén Darío e Antonio Machado); Novecentismo e Vanguardismo (Juan R. Jiménez); Generación del 27; a literatura dende a posguerra ata a actualidade.

## **6.8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4º ESO**

1. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía, con voz e entoación adecuadas, de acordo coas regras ortolóxicas da lingua.

2. Captar as ideas esenciais de textos orais de diferente tipo e distinto nivel de formalización e reproducir o seu contido nos textos escritos.

3. Sintetizar oralmente o sentido global de textos escritos, de diferente tipo e distinto nivel de formalización, diferenciar as ideas principais das secundarias.

4. Crear textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos...) adaptándoos á situación comunicativa e empregando a súa estrutura, cun vocabulario rico e variado.

5. Identificar o xénero ó que pertence un texto literario.

6. Establecer relacións entre obras, autores e movementos principais estudados en literatura.

7. Recoñecer as diferentes unidades da lingua, as súas combinacións, relacións entre elas...

8. Aplicar ós escritos as normas ortográficas, léxicas e gramaticais aprendidas.

9. Identificar características lingüísticas propias de usos sociais da lingua mediante a observación.

10. Valorar as aportacións da lectura literaria, amosando o criterio persoal e certo grado de autonomía.

11. Participar en manifestacións orais do entorno escolar segundo as convencións sociais adecuadas: pedir a palabra, respectar ós demais mentres están falando, centrarse no tema, expresar unha opinión persoal de forma razoada...

### **6.9. Procedementos de avaliación no 2º ciclo da ESO**

- Observación directa das actividades diarias realizadas na casa e na aula.
- Análise das producións dos alumnos: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, textos escritos, producións orais...
- Chamadas directas do docente.
- Dúas probas por avaliación.
- Valoración do caderno de clase.
- Valoración da actitude.
- Comprobación de lectura do libro trimestral:

### **3º ESO**

**Primeiro trimestre:** *El otro barrio*, Elvira Lindo, Alfaguara.

**Segundo trimestre:** *El infierno de Marta*, Pascual Alapont, Algar.

**Terceiro trimestre:** *Sueños rotos*, Sierra i Fabra, Algar.

### **4º ESO**

**Primeiro trimestre:** *Las luces de septiembre*, Carlos Ruiz Zafón,, Planeta.

**Segundo trimestre:** *Llamando a las puertas del cielo*, Sierra i Fabra, Edebé.

**Terceiro trimestre:** : *Eloísa está debajo de un almendro*, Jardiel Poncela, Vicens Vives.

A distribución da cualificación será:

- **50 % para os exames ou probas escritas.**

Cada avaliación faranse un mínimo de **dúas probas escritas** sobre os contidos traballados. No caso de que un alumno obteña unha nota **inferior ó 3.5** (sobre 10) non se poderá facer media co resto das probas e na avaliación correspondente figurará **menos de 5**.

Para aprobar os exames **a nota media dos mesmos deberá ser 5 ou superior**.

No caso contrario, **se o alumno obtén menos de 5** (sobre 10), **tampouco se**

**fará media co resto das notas** detalladas nos seguintes apartados e na avaliación correspondente figurará **menos de 5**.

Ós alumnos seralles especificado o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta e a cada apartado de cada pregunta no momento de facer unha proba escrita. E, no proceso de corrección, marcarase no exame a puntuación que o profesor estime axeitada ó rendemento do alumno nesa pregunta ou apartado.

O exame será amosado a todos os alumnos, convenientemente corrixido e anotado, con eses valores numéricos visibles e intelixibles. Tamén se lles dará as pertinentes aclaracións a calquera dúbida que poidan ter sobre a corrección das súas probas.

Nas probas escritas valorarase tamén a corrección na expresión escrita, polo tanto penalizaranse os erros correspondentes aos principios fundamentais de coherencia, cohesión, adecuación e corrección (ortografía, presentación...) do seguinte modo:

-Para o 1º ciclo da ESO: cada falta ou cada catro tiles erróneas **descontarán 0,1 puntos** na nota final dos exames **ata un máximo de 3 puntos**.

- Para o 2º ciclo da ESO: cada falta ou cada catro tiles erróneas **descontarán 0,2 puntos** na nota final dos exames **ata un máximo de 3 puntos**.

Ó finalizar o curso (en xuño) farase un exame final ó que deberán presentarse todos aqueles alumnos que non acadasen os obxectivos mínimos en todas ou algunha das avaliacións. Este exame terá tres bloques de preguntas correspondentes a cada avaliación parcial. **A nota final será a media das tres avaliacións que terá que ser igual ou superior a 5. Non se fará media con avaliacións por debaixo do 4.**

A copia nunha proba escrita por parte dun alumno considérase unha práctica fraudulenta e polo tanto terá a cualificación de CERO puntos. Si o alumno reincide nesta práctica implicará o suspenso na avaliación.

- **50 %** para as **lecturas, actividades diarias** na aula e na casa, **chamadas directas do docente** (preguntas ó grupo, ó pequeno grupo ou ó alumno individualmente), tendo en conta os coñecementos teóricos ou práctico sobre comunicación, gramática, literatura... e **actitude**.

Lecturas:

O longo do curso faranse tres probas escritas relacionadas coas lecturas obrigatorias. **Os alumnos deberán obter unha nota de 5 ou superior en ditas lecturas para poder aprobar a avaliación.** No caso contrario levará unha nota **inferior a 5** no boletín.

No mes de xuño faranse as recuperacións relacionadas coas lecturas para os alumnos que non superasen algunha das probas.

Actividades e chamadas:

Os alumnos que non realicen as actividades diarias na aula e na casa ou non atendan ás chamadas directas do docente con preguntas referidas o temario traballado non poderán aprobar. Ademais, o docente revisará como mínimo dúas veces por trimestre o caderno de actividades do alumno, onde se recollan tódalas actividades e exercicios feitos na aula e na casa. É obrigatoria a súa presentación para aprobar cada avaliación.

A copia ou plaxio nun traballo académico (dun compañeiro, de Internet, de libros...) considérase un procedemento desleal e polo tanto terá a cualificación de CERO puntos.

Actitude:

Os alumnos con actitude reiteradamente negativa non poderán aprobar.

**A nota final de cada avaliación obterase coa suma dos puntos conseguidos en cada apartado, tendo en conta a necesidade de obter uns mínimos nos apartados correspondentes.**

## **7. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.**

Os membros deste Departamento decidiron, de forma consensuada, o seguinte:

**7.1 Plan de traballo:** os alumnos prepararán os contidos e actividades programados polo profesor correspondente. O apoio do profesorado concrétase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades. Oportunamente convocaranse as reunións co alumnado para entregar traballos e resolver dúbidas, así como para fixar as datas das probas.

Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou e que quedan fixados na presente programación.

Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou e que están recollidos na presente programación.

Metodoloxía: os contidos organizaranse do xeito que o profesor estime máis conveniente para cada caso.

## **72 Avaliación:**

Procedementos e criterios: a avaliación levarase a cabo mediante a entrega de dous cadernos de traballo ó longo do curso, e a realización dun exame no mes de maio. O alumnado que non entregue os cadernos presentárase unicamente a proba escrita. O alumnado que suspenda a materia en maio presentárase á convocatoria extraordinaria de setembro, a avaliación farase a partir dunha proba ou exame.

**CADERNOS**: representarán o **40% da nota**.

-1º caderno: deberá ser entregado antes do **19 de decembro do 2014**.

-2º caderno: deberá ser entregado antes do **10 de abril de 2015**.

**EXAME**: representará o **60% da nota**, para que esta nota se sume coa dos cadernos será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 (sobre 10) no exame.

No caso de non entregar os cadernos esta proba representará o **100% da nota**.

## **8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Non se poden establecer polo momento actividades extraescolares e complementarias, pero os membros do Departamento amosan a súa dispoñibilidade e inclinación a colaborar en todas as que organice o Centro e nalgunha que durante o curso se suscite vinculadas ó noso labor.

Intentarase organizar a asistencia a algunha **obra de teatro** e a realización de un **certame de relato curto para conmemorar o Día Internacional do Libro (23 de abril)**

## **9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Nun grupo heteroxéneo de alumnos, e máis tratándose de niveis obrigatorios de ensinanza, non todos parten dos mesmos coñecementos nin alcanzan o mesmo nivel que pretendemos para garantirles un mínimo éxito nas diversas probas e actividades propostas ás que haberán de enfrontarse ao longo do curso. Polo tanto, tentaremos asegurar que todos os alumnos conten con uns niveis medios aceptables. Para isto, unha vez realizada a proba inicial da materia ó comezo do curso, que marcará os coñecementos gramaticais de lingua castelá e as nocións culturais sobre o mundo romano, adquiridas en materias como Ciencias Sociais, e tras observar o progreso, tralas probas da primeira avaliación, tomaremos como principal instrumento unha batería de exercicios considerada básica por capítulo ,que todo o grupo realizará, e elaboraremos con el varios niveis, de tal xeito que unicamente aqueles que presenten deficiencias nun determinado aspecto gramatical, ampliarán a relación de exercicios. Esta mesma actuación se levará a cabo con alumnos que marchen a un ritmo óptimo e se observe que poden profundizar nos seus coñecementos ampliando o número de exercicios realizados.

En canto aos alumnos con graves carencias, serán tratados segundo o diagnóstico previo e tanto os exercicios como as actividades e os criterios de avaliación adaptaranse as súas capacidades. Igualmente, se terá en conta a posibilidade de contar con alumnos sobre dotados, que contarán cun tratamento individualizado.

## **10. PLAN LECTOR DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**

O que pretendemos mediante este plan é potenciar un hábito lector no noso alumnado, e este é un feito que vai ligado a materia que impartimos.

O principal problema ó que nos enfrontamos é a desmotivación, a consideración da lectura como unha imposición e non como forma de pracer, e aí está a nosa gran tarefa: *crear o gusto pola lectura*. Agora ben, ¿Como acercar o libro ó alumno?,¿Que facer para que o alumno disfrute coa lectura dun libro e vexa nel unha fonte de pracer? ¿Como programar as medidas que fomenten as destrezas, a comprensión e a motivación? Resumindo, ¿*Como crear o gusto pola lectura?*

Basicamente, o que leen os nosos alumnos e alumnas son os libros de lectura obrigatoria das materias de lingua castelá e lingua galega. No noso departamento temos programada unha lectura obrigatoria por trimestre e unha optativa, nas que procuramos que teñan polo menos unha lectura de cada xénero literario ó curso. Tratamos de que lean máis.

### **Como podemos ensinalles a ler?**

Temos que, en primeiro lugar, axudarlles a adquirir habilidades lectoras suficientes para poder comprender todo tipo de textos escritos e producilos.

Hai que facer captar ó alumno o valor persoal e social de ser un lector autónomo. Sobre todo temos que ter claro que a **lectura non é so unha técnica, senón un medio de comunicación e de acceso á información**.

### **Como podemos fomentar o gusto pola lectura?**

Sobre todo temos que ter en conta que o hábito da lectura require tempo e constancia.

Animar a ler non é unha actividade illada e concibida unicamente para entreter, nin un traballo sobre un libro e moito menos un control sobre unha lectura en concreto.

Animar a ler é un programa continuado de accións e propostas interesantes, que acerquen o alumno/lector ós libros. Non hai que esquecer tampouco a escritura, que sempre vai unida a lectura.

### **Propostas para fomentar a lectura**

Unha proposta que sería moi interesante é a de que os alumnos tivesen unha materia dedicada exclusivamente á lectura, tal e como se ven facendo noutras comunidades autónomas. **Lectura** podería ser o nome desta materia de dúas horas semanais nas que o alumnado lería o mesmo texto en voz alta ou de forma individual seguindo as indicación do profesor/profesora para despois comentar os aspectos máis significativos do mesmo.

Como esta proposta non é posible neste curso, intentaremos facer o mesmo nunha das sesións da nosa materia, sobre todo no 1º da ESO. Dedicaremos unha hora semanal a lectura de todo tipo de textos: periodísticos, científicos, poesía, teatro, contos, novelas etc. Seremos as profesoras as que lles proporcionemos ó alumnado estes textos aínda que no caso da lectura dalgunha novela, terán que comprar eles o libro, xa que na biblioteca, non hai un exemplar para cada alumno/a.

Aproveitaremos estas lecturas para desenrolar as competencias básicas, así como os temas transversais.

#### Actividades que faremos:

**Presentar libros:** sesións de presentación de libros para provocar e motivarlles a lectura. Poderanse facer na aula o una biblioteca. Trataremos de contaxiar ao alumnado do noso entusiasmo polos libros. Pódese facer cos alumnos de todos os niveles, adaptando as lecturas os seus gustos ou preferencias.

**Seleccionar libros:** Proporcionaremos ós alumnos un listado de libros para orientalos. É moi importante ter en conta a idade dos lectores. Elixir un tema e expor os libros relacionados con el.

**Falar de libros:** falaremos dos libros que están lendo tanto da lectura obrigatoria como dos que lean pola súa conta.

Neste apartado, intentaremos traer a un autor para que lles fale dos seus libros.

#### **Fomento da lectura desde a oralidade:**

Con este apartado o que queremos é:

- Potenciar e enriquecer a capacidade de expresión dos alumnos.
- Desenrolar a capacidade de atención e de comunicación.

#### Actividades:

Narrar historias que eles mesmos compuxeran.

Declamar textos teatrais traballando tamén os xestos e as posturas.

Narrar historias coa imaxe, mostrando imaxes no ordenador a vez que len en voz alta un texto.

Crear historias e recitar poemas.

Ó longo do curso celebraremos unha serie de datas, vexamos algúns exemplos do que faremos nesas celebracións:



No mes de **novembro**, co gallo da celebración do día dos defuntos, traballaremos na hora de lectura o conto de tradición oral. Preguntarán na casa historias de medo relacionadas cos defuntos, a santa compañía, aparicións etc. e logo contarán esas historias ós seus compañeiros, todo isto cun ambiente “de terror” para animalos a participar, como cerrando as persianas, acendendo candeas, poñendo música misteriosa...

No mes de **xaneiro** celebraremos o día da paz. Traballaremos este aspecto por medio de textos no formato de cancións. Buscarán letras de cancións que versen sobre este tema e faremos un mural cas que máis lles gustaran. Tamén seleccionaremos textos poéticos sobre o tema e farán murais unindo imaxe e texto.

En **marzo** celebraremos o Día da poesía. Durante este mes leremos poesía na clase e iremos seleccionando aquelas que máis lles gusten. Nos días próximos ao 21 de marzo, faremos un recital cos poemas seleccionados e colgaranse en murais nos corredores do centro.

En **abril** é o día do libro así que dedicaremos este mes a lectura do Quijote adaptado a cada nivel. O xoves 23 de abril, proporemos á coordinadora da biblioteca do centro, facer unha lectura continuada de obras de diferentes autores.

Estes son so algúns exemplos do que faremos ó longo do curso para fomentar a lectura, e desde logo con toda a nosa dedicación para acadar non so futuros lectores, senón lectores constantes.

## **10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.**

A programación de aula será tanto mellor canto mellor sexa a precisión con que se describa o seu grao de cumprimento por parte do profesorado que a vai desenvolver. É por isto que á hora de avaliala falaremos de:

***Avaliación inicial:***

Ten por obxecto o diagnóstico do tipo e grao de coñecementos, adquiridos no curso anterior, sobre cuestións consideradas fundamentais para o comezo das distintas unidades didácticas.

Esta avaliación diagnóstica fixará o punto de partida e permitirá perfilar os contidos, obxectivos e as estratexias metodolóxicas a incluír na programación para poder desenvolver esta con éxito ao longo de todo o curso.

Para levar a cabo esta análise recorreremos á memoria do departamento, elaborada a finais do curso precedente, na cal quedarán explicitados aqueles contidos tratados xunto co nivel de profundidade acadado, os logros obtidos e os atrancos atopados, as accións realizadas e a materia non impartida. Así partiremos da situación real do alumnado co propósito de que o aprendizaxe sexa significativo.

#### ***Avaliación formativa:***

Ao longo do proceso de desenvolvemento da programación avaliaranse unha diversidade de aspectos como: a adecuación dos contidos e obxectivos ó grupo-clase, a temporalización das unidades, a interdisciplinabilidade, o aproveitamento dos recursos, a coordinación entre niveis....

Esta avaliación formativa cumpre a función de adecuar os contidos, os tempos, os recursos e os obxectivos á realidade da clase.

En setembro elaborárase a programación tratando de solucionar, na medida do posible, aqueles atrancos que se apreciaron o curso anterior.

Con todo, vai a ser en cada reunión de Departamento onde os profesores irán valorando as adaptacións feitas nas programacións, de forma que os problemas atopados podan ser solucionados sobre a marcha. Debemos ter en conta que as características do alumnado en canto á súa situación familiar, disposición cara o estudo, comportamento,...son fundamentais para a organización das nosas clases. Non podemos intentar establecer unhas pautas comúns sen coñecer a realidade de cada grupo. Por outra banda, a filosofía do departamento é seguir apostando por unha programación “ambiciosa” para que a preparación do alumnado sexa o máis completa posible.

Tamén debemos sinalar que cada ano hai actividades que non aparecen nas programacións, pero que cando xorden considéranse interesantes e polo tanto son incorporadas ao longo do curso, isto xunto con outros imprevistos fai que haxa axustes na temporalización ou no desenvolvemento dos contidos.

#### ***Avaliación final:***

Tal avaliación debe mostrar o grao de consecución da programación establecida. Para tal fin cómpre destacar unha escala de valoración:

A programación está ben temporizada.

Os obxectivos son adecuados.

Os contidos están ben organizados.

A programación consegue que o alumnado acade un bo rendemento académico.

Foméntase entre os/as alumnos/as o traballo autónomo, a colaboración, o respecto e o interese polo estudo.

A programación contribúe á adquisición de ferramentas que poidan utilizar en outras materias.

Favorece a participación na clase por parte dos alumnos e alumnas.

Da resposta ás dificultades coas que se atopa o alumnado.

En Lousame, a 23 de SETEMBRO de 2014.

Asdo. M<sup>a</sup> del Carmen Villasenín Carballo

Xefa do Departamento